DOG Diario Oficial de Galicia



## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### PORTOS DE GALICIA

*ACORDO do 3 de abril de 2023, da Zona Centro, polo que se abre o prazo de presentación de solicitudes da convocatoria pública para a utilización do departamento número 0 e do departamento número 12 vello no dominio público portuario de Fisterra.*

Ao quedar dispoñible no porto de Fisterra o departamento número 0 e o departamento número 12 vello, no dominio público portuario de Fisterra, ábrese convocatoria pública para a súa ocupación, no prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

O que se fai público, para os efectos previstos no artigo 63 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (DOG núm. 236, do 14 de decembro), para que as persoas e entidades interesadas poidan presentar a súa solicitude, segundo o establecido no prego das bases da convocatoria. En todo caso deberán acreditarse a data e a hora de presentación da solicitude. A documentación está dispoñible na web www.portosdegalicia.com

A documentación deberá presentarse obrigatoriamente por vía electrónica de acordo cos artigos 14.2 e 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e da Lei 4/2019, de administración dixital de Galicia, empregando o modelo con código IF500B, regulado na Resolución do 17 de novembro de 2020 pola que se aproba o procedemento de autorización de ocupación de dominio público portuario en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do prazo establecido. En caso contrario non será admitida e deberase emendar a súa presentación tomándose como data de presentación a da emenda, co risco, no caso de trámites sometidos a prazos preclusivos, de que perdan o dereito ao trámite ou mesmo o dereito ao seu favor que, de ser o caso, poidan ter obtido, no marco do procedemento que se trate.

A Coruña, 3 de abril de 2023

Lorena Solana Barjacoba
Xefa da Zona Centro

CVE-DOG: 3df5j4z8-ihe8-sur0-sgs3-8xrp4xsnvd85